



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Concellaría de Mocidade, Solidariedade
e Normalización Lingüística
Pza. de María Pita, s/n
15001 A Coruña
Tíno.: 981 184 259

Estimados/as señores/as,

Informámoslos/as de que o vindeiro 2 de abril, ás 20.00 h, na sala de conferencias da Domus, haberá unha conferencia do psicólogo, educador e periodista **Jaume Funes**, que leva por título **“Como seguir educando hoxe os adolescentes, cando todo parecen riscos”**.

A charla, encadrada dentro das actividades complementarias da exposición **“Falemos de drogas”** da Fundación La Caixa e que coorganiza a Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística, pretende proporcionarles aos nosos fillos e fillas recomendacións e consellos baseados na reflexión e mais no diálogo.

Jaume Funes, experto en mocidade e drogodependencias, é asesor, supervisor e docente en diferentes aspectos da atención á adolescencia e á mocidade. Foi adxunto para a infancia e a adolescencia do Defensor do Pobo de Cataluña.

O 31 de marzo e o 1 de abril, no toldo da exposición, haberá uns obradoiros para as familias, titulados **“10 preguntas para iniciar e orientar o diálogo cos fillos”**. Estes obradoiros van durar 2 horas e comezarán ás 19.00 h. Para máis información e para se inscribiren, poden chamar ao 691 676 600.

Desexamos que sexan do seu interese.

Un cordial saúdo,



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña
Concellaría de Mocidade,
Solidariedade e
Normalización Lingüística

Ermitas Valencia Romar
Concelleira de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística

A Coruña, 26 de marzo de 2008